

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ESPECIFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DE UN PROGRAMA DE BECAS DIRIXIDO A TITULADOS UNIVERSITARIOS

A Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada por Decreto 111/1992, de 11 de abril, coma unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cúas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas conseguíntes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito dos residuos.

Ditas actividades realízanse nunhas instalacións industriais complexas, que dispoñen entre outros de laboratorios, talleres de mantemento, almacéns, maquinaria fixa e móbil, etc.. Nestas instalacións traballan profesionais de múltiples especialidades, dispostos a acoller alumnos en prácticas dos diferentes programas de formación, principalmente de centros de ensinanza públicos dependentes da Xunta de Galicia, contribuíndo deste xeito á mellor formación dos alumnos de ditos centros ou titulados cara a acadar mellores profesionais no ámbito de actividade de Sogama.

(2) **Antecedentes:** Sogama ven colaborando e acollendo titulados universitarios a través de diversos programas de becas, para completar a súa formación académica dende hai anos. Neste tempo a valoración positiva tanto dos alumnos que remataron a súa beca nas nosas instalacións, como o das persoas que tutelaron ditos alumnos durante a súa estadía, confirman a necesidade de seguir apostando pola suscripción de convenios de colaboración no marco da educación e o ensino. Desta forma, o convenio de colaboración ofrece aos alumnos a posibilidade de formarse unha vez rematados os



seus estudos superiores, no ámbito da súa titulación, pero cun enfoque práctico na xestión ambiental e de residuos que presta Sogama como servizo público á cidadanía o que incide directamente no interese público do convenio.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia dun ano dende a data de sinatura do convenio.

(4) O convenio ten por obxecto: acoller a alumnos titulados para a realización de prácticas formativas en diferentes departamentos da Sociedade, principalmente nos departamentos de Administración, Comunicación e Técnico a través do programa de becas da FUAC.

(5) O instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

O obxectivo do convenio é a colaboración entre as entidades ás que se representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación no centro de traballo de Sogama, dirixido a alumnos titulados que cumpran os requisitos esixidos pola FUAC.

(6) Polo exposto, xustifícase a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao concorrer as condicións establecidas no seu artigo 6.1 da mencionada Lei.

(7) O convenio supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica estimada para un máximo de catro becas de 69.020,16 euros, con cargo aos seus orzamentos, e dividida nos seguintes importes:



Concepto	€uros	Meses	Total
Achega mensual	1.200	12	14.400
Seguridade Social	63,68 €/mes natural	12	764,16

Gastos de Xestión e Tramitación: 12 % da Achega anual: 1.728 €.

Iva 21% sobre os gastos de Xestión e Tramitación: 362,88 €.

Total gasto por beca: 17.255,04 €/ano.

Importe total catro becarios: 69.020,16

Ditas cantidades calculáronse en función dunha estimación de catro becarios, que completen a estadía dun ano como máximo, tendo en conta os custos vixentes de seguridade social para o ano 2025.

Ado Javier Domínguez Lino
Presidente

